

GABANZA E ORACIÓN PROFANA A DON RAMÓN DE TRASALBA

Por moi atrás que me remonte nas miñas lembranzas, até os recantos máis remotos da miña memoria infantil, non son capaz de sinalar o momento preciso en que nela emergulla por primeira vez a imaxe de Don Ramón Otero Pedraio -a tal punto ela constitue unha constante nos arquivos do meu imaxinario primeirizo. Se cadra porque, presidindo o escritorio do meu pai, primeiro na rua do Vilar e despois na Rosaleda, estivera sempre un tríptico de retratos fotográficos que eu vía de cotío, enmarcado en madeira escura tallada por Bonome e coroado polo escudo de Galiza, no que a efixie de Don Ramón ocupaba o centro: Castelao, á esquerda, e á dereita Risco, completaban a trinidad simbólica providencial do credo que máis firme e afervoadamente profesou meu pai de por vida, o ideario galeguista da redención do povo galego, o ideario liberador da Terra asoballada, o ideario emancipador da nosa nación galega. Se cadra foi por iso que a estampa do rostro de Don Ramón integrouse dende o comenzo na miña iconografía máis familiar e íntima como un dos seus centros cordiais tamén nela, e que durante os primeiros lustros da miña vida aquela faciana, no meu maxín, non tiña idade, como a aciñeira do Zeca Afonso, por ela non pasaba o tempo, como volve acontecerme agora que aquil mesmo tríptico alumea a biblioteca da nosa casa de Aguiar. A presenza de aquiles tres rostros que me ollaban ao fite cando os contemplaba e me falaban sen palabras, aprendeulle ao neno que eu era daquela, e sen máis adoutrinamento. aprendeulle cál era o seu país, cál o seu povo. cál a sua nación verdadeira, que non era a que os energúmenos nacional-católicos do entón proclamaban. corno a proclaman os seus herdeiros de arestora, senón a nación negada e proscrita polos fascistas, o país esbullado por caciques e plutócratas, o povo esmagado e inda recén daquela martirizado por Atila. Era a constante presenza de aquiles rostros, con Don Ramón no centro e o Daniel á esquerda, a búa que orientaba o xermolar na miña consciencia da nosa identidade colectiva, a que dialogaba silandeiramente cos textos dos devanceiros nos que o meu pai nos aprendía a lér galego, a que descifraba para o meu caletre infantil a mensaxe, de primeiras enigmática, das estampas do album 'Nós' de Castelao enmarcadas e penduradas nés paredes do longo corredor da nosa casa da rua do Vilar: 'Non me fan xustiza, Señor!'; 'Que San Roquiño nos libre de médicos, avogados e boticarios'; 'Eu non lle quería morrer alá, miña nai'; 'Cánto pesa e cómo fedel!', que di a vella labrega co negro cadaleito ás costas que leva impresa a palabra 'Lex'; ou o petrucio co machado ao lombo: 'A nosa Terra non é nosa, rapaces'... Eu erguía a miña ollada cara as figuras do tríptico en percura de resposta a eses enigmas, e os ollos de don Ramón e Castelao semellaban sorrir e contestarme: "levas camiño de comprendelo". Eu

*Discurso de Xosé Manuel Beiras Torrado
Premio Trasalba 2009*

pergúntome, e pergúntovos tamén, se aquelas estampas non seguen a ter vixencia coma daquela, e se agora tamén levamos camiño de comprendelo, nestes tempos de exterminio do campesiñado, de trebón que non cesa sobre a xente mariñeira, de recrudescida agresión ao proletariado, de espoliación colonial reduplicada, até de atávica ofensiva contra o noso idioma, contra o seu idioma, o de Castelao e de don Ramón de Trasalba.

Mais non só esa presenza virtual é unha constante nos arquivos da miña memoria máis remota. Tamén a real presenza física de Don Ramón consta de sempre na andaina da miña nenez dende as orixes das miñas lembranzas. A presenza de aquel home alto e lanzal, aquela ergueita figura humana de brazos sempre abertos para o abrazo de irmandade, para abranguer o mundo coa súa fala. pra tracexar no ár o contomo das imaxes que deseñaba o seu verbo ramaloso perenemente frofido. esa presenza, digo, acompaña inesquecibelmente a lembranza de tódolos encontros de galeguistas aos que eu asistía dende ben picariño na compañía dos meus pais e axiña os meus irmaus máis próximos a min en idade. A empezar pola 'Misa de Rosalía'. así chamada, en Bonaval, cada ano por xullo o Día da Patria, a única misa -comentábase xa entón- na que boa parte, se non os máis, dos asistentes eran ateos, ou agnósticos, ou non cristianos practicantes en calquer caso. Republicanos, iso si, todos iles, todos antifascistas -é dicir, xente de ben. Incluso os curas que oficiaban na ocasión. Alí xuntábanse os 'bós e xenerosos' supérstites da 'Galiza mártir', as poucas varas frolecidas que a demouca franquista non tronchara ou condeara ao exilio, os del Riego, Bouza Brey, Illa Couto, Alvarez Blázquez, Cunqueiro, Ferro Couselo, Carvalho, Lourenzo, Penzol, Fraguas, Carro, Pedret, Leuter, Salvador Rei, meu tío Antón, tamén 'O Vello dos Contos' Mosquera Pérez, promotor do recién nado Patronato Rosalía Castro e do rescate da Casa da Matanza, e tantos outros, e máis que eran xentes sinxelas do común, artesáns, oficinistas, empregados de comercio -e algúns cativos que eramos vistos con esperanza e agarimo coma os fentos que agroman no monte queimado e anuncian o reverdecer da Terra. Ao comenzo faltaban os que estaban na cadea, como Cesáreo e Piñeiro. Mais alí sempre estaba Don Ramón -e Fita, inseparábel. Chamaba a cada quen polo seu nome, mesmo aos cativos, non esquencía a ningún, ou tal me parecía, e para todos tiña unha frase gasalleira, unha mención agarimosa, un aceno cordial: era o patriarca, mais exercía como irmán, solícito, modesto e solidário. É así como o recordo, como revive na miña memoria infantil máis remota.

*Discurso de Xosé Manuel Beiras Torrado
Premio Trasalba 2009*

Velaí: tenrura e afouteza, modestia e dignidade, e portanto, orgullo sen nen chisco sequer de soberbia ou vaidade. "Eu son unha pantasma do século dazanove": cántas veces llo terei escoitado dicir nos anos composteláns nos que máis asiduamente o tratei, nos que por fin puido profesar a cátedra de Xeografía na Universidade, xustiño dende o mesmo curso no que eu encetara os meus estudos de Dereito. Gostaba Don Ramón en ocasións de definirse así nas súas conversas cos mozos, cos 'novos' -mais 'os novos', para il, non o eramos só os mociños das xeracións novas daquela, senón mesmo o séquito de varóns xa ben maduros que lle facían xentilmente a corte. Adoitaba dicilo coma un requilorio ritual, ás veces cun asomo de sorriso irónico nos labres e cintileo bulreiro nos ollos. Sempre con irónica humildade, semellante á contida na famosa autodefinición de Eça de Queiroz: "Eu sou apenas un pobre homem da Póvoa de Varzim". Mais o Don Ramón que así se definía perante mociños e mociñas coma nós, distaba máis ca ninguén de ser unha pantasma de calquer tempo ido. Posuía unha portentosa vitalidade intelectual e anímica, unha insaciábel curiosidade por todo o acontecer cultural contemporán, e unha increíbel capacidade de comunicación, empatía e sintonía cos valores e o mundo vivencia) e criativo da xente máis nova. Mesmo cando enxuizaba con cordial sarcasmo a algunha figura referencia) para as nosas xeracións, como aquil no que tildaba a Marcuse de "búfalo acatarrado" nunha dedicatoria que me escribira xa a finais dos sesentas: pensado hoxe en retrospectiva, non lle faltaba o seu aquel de acerto. Don Ramón era unha incesante cachoeira que ateigaba augas abaixo tódolos regos da cultura. O vitalismo temperamental e a vitalidade intelectual de Don Ramón eran tan perenes, inesgotábeis e polimorfos coma os da propia Galiza que deu sentido á súa vida e se reencarnou na súa obra.

Mais esa sintonía cos mozos viña de ben atrás, e estaba arraizada no seu temperamento e a súa sabiduría, na actitude oteriana de humildade perante a imensidade do mundo do saber e da cultura. Ás veces. estando eu a ler ou reler certos textos do volume de 'Ensaíos', téñeme dado por pensar que Don Ramón foi, na cultura galega, o mestre que se adiantou ao espírito do sesenta e oito, se acaso é lícito dicilo así. Reparade, se non. Quén coidaría seren de don Ramón Otero estas palabras dunha conferencia pronunciada para as Mocidades Galeguistas no 1932, por mor do centenario de Goethe?: "Non cansarei de predicar aos mozos que fuxan dos prólogos, das críticas e dos manuales, de incirralos para que afonden destemidamente no misterio das almas dos poetas e dos filósofos. Se a impresión deixada niles por Goethe, por Rousseau, por Proust, é contraria á que dogmatizan os críticos, oficiais, *mellor*, e se despois de lér e pensar algunhas páxinas resolven deixar o libro no estante pra botarse a axexar polo campo o florecer

*Discurso de Xosé Manuel Beiras Torrado
Premio Trasalba 2009*

novo das acacias, mellor que mellor. Mais sempre que se cumpla coa limpa arela de lér e de pensar".

Vicente Risco dixera da súa xeración, a retratada por il en 'Nós, os inadaptados', que a fin de século do XIX na que iles naceran fora 'neorromántica': "E nós somos neorrománticos e tráxicos e mesmo apocalípticos por iso mesmo" -escribira. É ben sabido que a xeración 'Nós' pasou, como Ulises, por un longo arroteo odiseico denantes de retornar á súa Ítaca, Galiza. Mais eu modulo na diagnose e dígovos: foi moito máis ca unha aventura inteleitual. Foi unha auténtica epopeia existencial consumada a forza de introspección, xenerosidade, voluntarismo e solidariedade. Foi un heroico proceso de auto-desalienación e auto-descolonización individual e colectiva en tres dimensións primordiais, idiomática, cultural e ideolóxica, que finalmente proxectouse nun circio compromiso ético e político co seu po'lo, ou inda millor dito, en rigor, coas malferidas clases populares desta nación, ás que iles, por extracción social, non pertencían. No inicio desa andaina, "Eramos -di Risco- antigregarios, antisociais. Eramos sinxelamente *individualistas*". Xa que logo -ironiza- "andivemos pelegrinando polas cosmogonías e polas culturas, en demanda do insólito". E enuncia esta precoz e descarnada diagnose do auto-odio: "Ben craro está que esta procura do lonxano e do exótico *viña do odio ao noso*, que atopabamos ateigado de vulgaridade e de fealdade" -e de inutilidade, dirían hoxe os bífidos glotófagos na súa guerra das línguas contra o idioma galego, porque non val para ler o Financial Times. Adrián Solovio, o alter-ego do Otero desa etapa, retrátase de xeito análogo no seu soliloquio camiño de Madrid: "Pois axiña chegarás a Madrid. Xa non ouvirás *noxentas falas galegas. Terás que disimular o acento*" -inútelmente, como algúns que eu-ben-sei. E o cénit da súa alienación: "A vida na que quero latexar é na vida do pensamento español". Ou estoutro: "Tua terra foi a maior vergonza da miña vida. Naceu pra serva. Alí, a porcallada forma parte integrante da paisaxe". Mais, ao cabo, a chegada a Ítaca. En Risco, coa famosa imaxe parabólica retranqueira de aquel inglés de Chesterton que, despois de dar voltas polo mundo, descubriu unha fermosa terra verdecente que resultou ser a Gran Bretaña. En Otero, co remate de 'Arredor de si': "En Santiago, Adrián sempre se coidaba na Europa e máis galego que nunca. *A sensación do Estado español estaba pra il ausente da cidade*". E a contundente asunción do compromiso identitario: "Eiqué remata o primeiro, longo e tráxico estadio do vivir de Adrián Solovio. *A súa vida dende agora identifícase ca vida da Galicia*; xa non é novela, nin experiencia psicolóxica. *Xa é historia*" -xa forma parte da Historia da Galiza, é dicir, do proceso antitético ao da historia de España en Galicia.

*Discurso de Xosé Manuel Beiras Torrado
Premio Trasalba 2009*

O compromiso identitario profesado por Otero e a Xeración Nós apousa nos alicerces da construción da identidade sociopolítica da Galiza como nación botados polas Irmandades da Fala na Asemblea Nazionalista de 1918 en Lugo, onde o galeguismo protonacionalista pega o salto á formulación dun proxecto nacionalista explícito, é dicir, dun proxecto político de conquista e exercizo da soberanía nacional polo povo galego. Ese deseño da identidade nacional da Galiza, que será culminado polo Seminario de Estudos Galegos e o Partido Galeguista da República, constrúese con dúas trabes mestras cardinais: o 'celtismo' do eixo Pondal-Murguía nos Precusores, e a cultura 'enxebre' concebida como fenómeno antropolóxico-social. Moitas veces levo matinado en que, sen sabéreno, as xentes das Irmandades e de Nós construíran a identidade nacional galega sobre os dous esteos que, só dous lustros antes, chantara o austro-marxista Otto Bauer como peares do seu concepto de 'comunidade nacional', a saber: unha 'comunidade de orixe' e unha 'comunidade de cultura', que, combinadas, constitúen unha 'comunidade de carácter' e, proxectadas cara avante no decurso histórico, dan lugar a unha 'comunidade de destino'. Eis, ao meu ver, o sentido conceitual que encerra a ben coñecida definición de Galiza como 'célula de universalidade', antitética de calquer ideoloxema chovinista. Por iso a nación é unha comunidade, e non un simple agregado de individuos -a diferenza da redución xacobina da nación aos cidadáns- e por iso tamén unha nación é tal con ou sen Estado propio, poisque a nación é unha realidade previa ao Estado: "a nación é un fenómeno social", dí taxativamente Bauer, e máis "non é unha suma de individuos, senón que cada individuo é o produto da nación", cousa que convirte ao conxunto diles "nunha comunidade", e non simplemente unha sociedade. De aí que as liberdades e dereitos políticos dun individuo non esteñan completas sen a liberdade e os dereitos políticos da súa nación, da súa 'comunidade nacional'. E de aí tamén que "a nación non debe a súa existencia a estatutos externos, senón que pre-existe lóxicamente a todo estatuto": eis o alicerce do dereito á súa autodeterminación. En troques, "a nosa comprensión da relación entre a nación e o Estado apousa sobre a nosa representación da relación da nación co chan", poisque "o Estado naceu como *corporación territorial*" desde se descompuxo "a anterga constitución parental". Son aseveracións de Bauer: moi ben poderían séreno dos homes das Irmandades e a Xeración Nós. E eu fágovos esta engádegas: por iso mermo. negar a nosa identidade nacional implicaría borrar do mapa ás figuras que hoxe constitúen símbolos constantemente invocados como avais lexitimadores dos diversos ocupantes das institucións políticas galegas de autogoberno. dende Rosalía a Castelao. dende Murguía a Don Ramón de Trasalba. No labor de equipa da Xeración Nós para a reconstrución da identidade nacional galega, á par da militancia política, a Otero cadroulle primordialmente restaurar a trabe mestra da nosa existencia na Historia como 'comunidade de cultura'. E fíxoo nas claves do ciclo da

*Discurso de Xosé Manuel Beiras Torrado
Premio Trasalba 2009*

modernidade no que iles todos eran avangarda no seu tempo, concebindo a Galiza como encrucillada de civilizacións, interpretándoa a traveso do código da cultura propia, e cunha actitude proxectada cara o futuro, ou sexa, cara a aventura do descoñecido que está por vir. Está patente na súa creatividade como xeógrafo, nomeadamente na súa xenial teoría da paisaxe humanizada e as dúas leis do seu movemento. Están asimesmo na súa extensa e dispersa obra ensaística, se cadra a menos coñecida e explorada da vasta produción oterían. E están, abofé, no seu 'Ensaio histórico sobre a cultura galega', inda hoxe referencial, e na deslumbrante lucidez do seu prólogo. Escoitádeme a Don Ramón: "Cada rexión do planeta plenamente caracterizada é *dona dun sistema de interpretación do mundo*". "A súa orixinalidade é tan poderosa que *calquer cultura que as cubra ten que adaptarse necesariamente á súa propia interpretación*". "*Galiza disfroutou dende o mencer do tempo histórico dunha conciencia orixinal. Aquela conciencia segue a vivir hoxe. Ela inspirou os períodos vitais de Galiza*". "Non hai cousas vellas nen novas, hai só cousas vivas e mortas, e *non as determina a idade senón o alento interior que as anima*". E, enfin: "Este país grave dun vibrante ou calado pasado *debrúzase, cada día, cada hora, sobre un ignorado e misterioso porvir*".

O "ignorado e misterioso porvir" tíñalles reservada ás xeracións de Otero. as Irmandades e o Partido Galeguista a inesperada traxedia da barbarie de Atila en Galiza, que esborrallou a obra común que estaban a construír, martirizou ao po^yo polo que andaban a loitar, asasinou a tántos diles, exiliou a tántos máis, represaliou aos que sobreviviran, e reduciu aos restantes ao silencio e a impotencia no cárcere no que a tiranía católico-fascista convirtira esta Terra Nosa. Don Ramón e os seus Irmáns galeguistas, aqueles que pesia todo non renegaran, tiveron que asumir a maldición de Sísifo, e encetaren a reanudación do proceso construtivo da nación galega dende ben máis atrás de onde fora brutalmente interrompido. Á súa heroica teimosía débelle todo a miña xeración. A empezar pola transmisión da memoria colectiva deste po^yo e da constelación de nomes cintilantes no setestrello que nos guiou na travesía da longa noite de pedra. Se a Santa Compañía de Castelao transita polo exordio da 'Alba de Groria', a de Otero emerxe no seu 'Libro dos amigos', exercizo de libérrima coraxe e solidária dignidade no ostracismo, certos retratos testemuñais e conmovedoras homenaxes a tantos dos seus Irmáns de loita nacionalista emancipadora exiliados ou desaparecidos, Castelao, Antón Vilar Ponte, Lousada Diéguez, Xurxo Lourenzo, pero tamén os asasinados pola barbarie fascista, Bóveda, Anxel Casal, Víctor Casas, Arturo Noguerol, Roberto Blanco Torres... Escrito para garantir que non enterraran cadavres, senón semente, ese libro tornoumos en sombras amigas na miña adolescencia.

*Discurso de Xosé Manuel Beiras Torrado
Premio Trasalba 2009*

Meu benquerido e venerado Don Ramón de Trasalba, veleiquí tés ao pé de ti e da tua benfeitora sombra a este Señorito da Reboraina apócrifo, usurpador cordial da tua derradeira persoaxe de ficción, que se pregunta se non virá ser, il si, apenas unha pantasma do século vinte condeada tamén ela á maldición de Sísifo. A esta altura da miña andaina, cáseque non teño máis que dúbidas e interrogantes, réstanme poucas certezas, fágome a cada paso máis preguntas para as que non acho resposta, agóirame o 'ignorado e misterioso porvir' do meu, do teu, do noso povo. Pergúntome mesmo. ás veces, se non acabará por ser comesto dos lobos o froito do voso titánico esforzo, do sacrificio de tódolos teus e meus irmáns que consagraron. e até perderon, as suas vidas na loita pola dignidade e a liberdade do seu, do noso povo. Iste non é certamente o país dos ananos do Celso Emilio, mais os ananos do país proliferan e empoléiranse nas institucións do poder que vós todos, nós tamén, conqueriramos para pórmolas ao servizo da emancipación e o benestar da nación galega, que non para destruíla nen parasitala, non para dominala, domala e castrala outra vez máis nesta avesía reviravolta da sua historia.

Mais non. Non desertaremos, meu amigo, meu venerado Don Ramón de Trasalba. "Que todo está por refacer nesta Terra cuberta de cinzas, enloitada polos crimes dos sacrílegos que trabucaran a língua e os sinais e foran roubando o espírito da patria" -dixéralle eu a Antón Avilés noutra sazón semellante. E respostara il con aquil fermoso aturuxo: "Hai que romper de norte a sul Galiza, queimar as rozas dunha idade antiga e ver nascer o sol, lástima fora". De xeito que volverá abrollar a fusquenlla, porque compre unha nova rebelión emancipadora, compre unha grande mobilización cívica que devolva a este po^{yo} a sua dignidade, o exercizo da sua soberana liberdade. Que faga realidade a premonición de Pepe Alvarez Cáccamo na fermosa estrofa coa que remato e me despido de todas e todos vós: "Vexo a xente acudir e congregarse vagarosamente, desembocar desde calellas limítrofes, baixar por esqueiras e túneis,"..."como un bosque que nace da semente da espuma, multiplícanse espellos, asembleas, convoca a furia, estoura un lóstrego de ourizos nas raíces de nunca, a multitude, cobra, máis alta que as paredes, MARÉ DO POBO A ARDER". Amen.